



**Rebeca Acebrón**  
Conselleira delegada  
Acebrón Group



// Sector  
**Industrial**



// Localización  
**As Pontes**



// Ano de constitución  
**2000**



// N<sup>o</sup> empregados  
**103**

### // Descrición da empresa

Acebrón Group é un conxunto de empresas familiar, que inicia a súa traxectoria no 2000, co obxectivo de satisfacer a crecente demanda de mecanizado derivado do auxe do sector eólico. Entre os anos 2000 e 2010, os sectores principais da empresa foron o eólico, para o que subministraban compoñentes críticos para os principais tecnólogos do sector; así como o naval e a realización de servizos de mantemento de centrais térmicas. Dende o 2010 ata a actualidade, e froito dun plan estratéxico, diversificáronse e internacionalizáronse, e obtiveron o recoñecemento entre empresas líderes a nivel internacional do sector enerxético (xa non só eólico, senón tamén o hidráulico ou o nuclear), aeroespacial, portuario e de bens de equipo, fundamentalmente.

*"Grazas a este servizo entendimos o que significa e como nos pode axudar a industria 4.0 para mellorar os nosos procesos"*

Rebeca Acebrón. Conselleira delegada de Acebrón Group

### // Descrición do proxecto

Solicitaron este servizo debido a que precisaban coñecer en que punto se atopaban para adaptar solucións de industria 4.0 e poder avanzar neste gran reto, que entenden como unha oportunidade para a empresa. Aínda que partían dun coñecemento previo, necesitaban contar cunha empresa experta, neste caso o axente colaborador, para que axudase a enfocar o camiño que debían definir para afrontar este novo reto 4.0 e, máis en concreto, cales eran as tecnoloxías vinculadas a esta industria.



Primeiro, abordaron o uso de ferramentas organizativas como paso previo antes de chegar á implantación de solucións tecnolóxicas e, posteriormente, definiron un equipo de traballo que realizou unha posta en común de todos os aspectos tratados, co fin de decidir que accións debían focalizar e priorizar para camiñar cara á industria 4.0, chegando a un consenso e debuxando o itinerario de implantación a dous anos e medio.



## // O resultado

Como resultado da súa participación, Acebron Group elaborou un plan de accións para poñer en marcha ata o 2020, no que están previstas actuacións tanto no ámbito organizativo como tecnolóxico e de industria 4.0.

Ademais, marcáronse por obxectivo centrar os seus esforzos, principalmente, na aplicación de ferramentas vinculadas a sistemas ciberfísicos e a explotación dos datos recompilados das súas máquinas e integrados no sistema usando técnicas de big data. Ao mesmo tempo pretenden asegurar a dispoñibilidade da información a través do uso da nube, permitindo o acceso ela nos aspectos de interese, tanto a clientes como a provedores.

*“Como resultado da nosa participación no programa obtivemos unha reflexión compartida que nos permitiu definir o noso plan de acción para avanzar no reto da industria 4.0”*

Rebeca Acebrón  
Conselleira delegada de Acebrón



// Web

<http://www.acebrongroup.com>



// Vídeo

Ver video

## Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.